

**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS AGRELA PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DO EMPREGO DESTINADAS Á FORMACIÓN E A INSERCIÓN LABORAL.**

Na Coruña a 1 de marzo de 2016

**REUNIDOS**

**Dunha parte:**

D. **Alberto Lema Suárez**, en nome e representación do **Concello da Coruña**, CIF P1503000J, en diante Concello, na súa condición de Tenente de Alcalde da Área de Emprego e Economía Social.

**Doutra parte:**

D. **Javier González Sampedro**, en calidad de Presidente da Asociación de Empresarios de AGRELA, CIF G 15032634, en nome e representación desta, con domicilio social na rúa Copérnico 3-1º dereita 15008 - A Coruña.

**INTERVEÑEN**

O primeiro, en nome e representación do Concello da Coruña, na súa calidad de Cuarto Tenente de Alcalde e responsable da Área de Emprego e Economía Social, autorizado para este acto por Decreto do Alcalde- Presidente de data 29 de febreiro de 2016.

O segundo, en nome e representación da Asociación de Empresarios de Grela, na súa calidad de Presidente.

Ámbalas dúas partes recoñecen a súa capacidade legal suficiente para contratar e obligarse e, en particular, para a formalización deste acordo, do que como antecedentes sinálanse:

**Antecedentes administrativos**

**Primeiro.-** Dentro dos principios reidores da política social e económica, a Constitución establece no artigo 40.1 e 2 que, "Os poderes públicos promoverán as condicións favorables para o progreso social e económico e para unha distribución da renda rexional e persoal más equitativa, no marco dunha política de estabilidade económica. De maneira especial realizarán unha política orientada ao pleno emprego. Así mesmo, os poderes públicos fomentarán unha política que garanta a formación e readaptación profesional, velarán pola seguridade e hixiene no traballo e garantirán o descanso

necesario mediante a limitación da xornada laboral, as vacacións periódicas retribuídas e a promoción de centros adecuados".

**Segundo.** Os municipios desenvolven actuacións en materia de promoción económica e emprego derivadas da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Doutra banda, as administracións locais están moi involucradas no impulso da actividade económica e o emprego. Un dos elementos esenciais para lograr o desenvolvemento dunha comunidade é que exista xeración de emprego e é a través do emprego como se promove a autonomía persoal e a mellora da calidade de vida dos cidadáns e cittadás, obxectivo último da área de Emprego e Economía Social do Concello da Coruña.

Para a consecución deste obxectivo, o Concello incorpora desde hai anos novos instrumentos e metodoloxías nas súas actuacións, para o desenvolvemento de programas dirixidos á mellora da empregabilidade dos seus cidadáns e cittadás, á adquisición de ferramentas para o mantemento dos empregos existentes, ao apoio e promoción de persoas emprendedoras e ao impulso de políticas activas de emprego e formación.

**Terceiro.** Dentro destas accións indicadas no apartado anterior, formalízanse os acordos coa Asociación de Empresarios de AGRELA, como un dos polígonos industriais más representativos do municipio, co fin de promover a formación para persoal activo das empresas do polígono e colaborar en desenvolvemento de políticas de emprego.

Con este fin, a Asociación de Empresarios de AGRELA e o Concello da Coruña, asinan o presente convenio de colaboración de acordo ás seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA

É obxecto deste acordo a realización de accións de promoción do emprego e promoción da actividade empresarial, a través do desenvolvemento de accións formativas, dirixidas á mellora da empregabilidade e a mellora empresarial en xeral, mediante a programación de actividades consensuadas entre as dúas partes.

### SEGUNDA

As accións que se acorde desenvolver entre as partes, a partir da firma deste acordo de colaboración, reflectiranse nunha proposta acordada entre a Asociación de Empresarios de AGRELA e a área de Emprego e Economía Social, no que se

recollerán os datos relativos á actividade para desenvolver, no que figurará polo menos o nome da acción, tempo de duración, datas previstas de inicio e finalización e lugar de celebración.

#### **TERCEIRA.**

O Servizo Municipal de Emprego e Economía Social do Concello da Coruña, no marco deste acordo, proporcionará os medios necesarios para a posta en marcha das accións para desenvolver.

#### **CUARTA.**

A Asociación de Empresarios de AGRELA proporcionará o alumnado para o desenvolvemento das accións formativas ou outras actividades que se programen de maneira conxunta no marco deste acordo.

#### **QUINTO.**

As persoas que participen nestas actividades deberán estar sujetas ás normas de funcionamento e de seguridade establecidas no Centro Municipal de Emprego, podendo ser rexeitadas aquelas que as incumpran e alteren o seu normal funcionamento.

#### **SEXTO.**

A sinatura deste acordo non implicará ningunha relación contractual entre o Concello da Coruña e o persoal que pode ser achegado pola Asociación de Empresarios de AGRELA para o desenvolvemento da accións consensuadas, de maneira que por este concepto non se poderá esixir responsabilidade algúnh, nin directa nin subsidiaria, no desenvolvemento deste acordo.

#### **SÉTIMA.**

O presente acordo entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2016, podendo prorrogarse por dous anos máis se non mediase denuncia de calquera das partes.


#### **OITAVA.**

O presente acordo terá carácter administrativo, sen que en ningún caso poidan derivarse dereitos ou obligacións de carácter laboral. Os seus efectos rexeranse polo establecido na cláusulas do mesmo e no non previsto aplicaranse o disposto no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

As cuestións litixiosas xurdidas, a interpretación, modificación e resolución de presente acordo, serán resoltas polo Concello da Coruña; os seus acordos poñerán fin á vía administrativa podendo contra elas presentar recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarse, para o solicitante e outros posibles interesados a partir do día seguinte, a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, prodúzase o acto presunto de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso- administrativo.


Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En proba de conformidade cos termos do acordo, as partes comparecientes asinan e rubrican, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.



Presidente da Asociación de Empresarios  
de AGRELA.

Javier González Sampedro



Tenente de Alcalde Responsable da área  
de Emprego e Economía Social



Alberto Lema Suárez